

## PROXECTOS DE BIOMASA DE PARTICULARES – IN421P

### Persoas Beneficiarias

- a) Persoas físicas propietarias de calquera dereito sobre un inmoble residencial.
- b) Comunidades ou Mancomunidades de veciños.
- c) Agrupacións de persoas físicas, privadas sen personalidade.

### Presentación da solicitude e remate actuacións

- **Particulares:** nas entidades colaboradoras do 01/03 - 29/06/23, ou ata esgotamento de fondos.
- Entidades colaboradoras: ata o 01/06/23.
- **Remate actuacións:** 02/10/23

### Axuda e contía máxima

- A inversión elixible máxima por potencia unitaria (sen IVE) estará limitada pola características do sistema de conformidade ó disposto no artigo 5 das bases da convocatoria.
- A contía da axuda será do 50% do investimento elixible da instalación.
- A contía máxima por proxecto será de 80.000 €.

Tipoloxía	Tipo de equipo xerador de biomasa	Rango de potencias	Custo elixible máximo por potencia sen IVE (€/kW)
B1	Caldeiras de leña	$P \leq 20 \text{ kW}$	300 - 5 P
		$20 \text{ kW} < P \leq 40 \text{ kW}$	250 - 2,5 P
		$P > 40 \text{ kW}$	150
B2	Caldeiras con sistema de alimentación automática e volume de acumulación de combustible $V < 3.000$ litros	$P \leq 15 \text{ kW}$	570 - 10 P
		$15 \text{ kW} < P \leq 25 \text{ kW}$	600 - 12 P
		$P > 25 \text{ kW}$	300
B3	Caldeiras con sistema de alimentación automática e volume de acumulación de combustible con $V \geq 3000$ litros	$P \leq 15 \text{ kW}$	670 - 10 P
		$15 \text{ kW} < P \leq 30 \text{ kW}$	700 - 12 P
		$P > 30 \text{ kW}$	340

P: potencia nominal total do sistema de caldeira/s (kW).

V: capacidade do sistema externo de acumulación de combustible (litros).

## Obrigas

- a) Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro.
- b) Proporcionarlle á entidade colaboradora todos os documentos necesarios para poder tramitar as axudas e acreditar os requisitos.
- c) Facilitarlle á entidade colaboradora dúas ofertas cando a actuación que supoña un gasto sen IVE igual ou superior a 15.000 €, con carácter previo á contratación.
- d) Estar ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e coa Seguridade Social.
- e) Realizar o pagamento das facturas á entidade colaboradora para envialas ao Inega en prazo.
- f) Cando non poida executar o proxecto deberá renunciar á subvención.
- g) Respetar o destino do investimento dous anos despois da data da resolución de pagamento final.
- h) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos.
- i) Comunicarlle ao Inega, a través da entidade colaboradora, a obtención doutras axudas, ingresos ou recursos, así como a modificación das circunstancias.
- j) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- k) Toda referencia ás actuacións subvencionadas en calquera medio de difusión deberán incluír o símbolo e logotipo da Xunta de Galicia e do Inega.

## Máis información

Máis información no Inega: 981 541 500 [www.inega.gal](http://www.inega.gal) [inega.info@xunta.gal](mailto:inega.info@xunta.gal)

Área de desenvolvemento local do Concello de Camariñas. Casa de Pedra. Cita previa: 981 73 70 04 – [adl@camarinas.net](mailto:adl@camarinas.net)